

Concello da Capela

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE MAIO DE 2020

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. Manuel Meizoso López</p> <p>CONCELLEIROS: D^a. Natalia Paz Álvarez D. Emilio Riobó Piñón D^a. María Rocio Permuy Ramudo D. Juan Manuel Soto López D. Marcos Rodríguez Calvo D. Martín Blanco Hermida D^a. Olga María Blanco Teijeiro</p> <p>SECRETARIO: D. José Antonio Meizoso Paz</p>	<p>No Salón de sesión desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día trece de maio de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os Sres/as. Concelleiros/as. que se relacionan na marxe, asistidos do Secretario da Corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste a sesión a Concelleira D^a. Montserrat Seco Cabarcos.</p>
--	---

Gárdase un minuto de silencio en memoria e lembranza das vítimas ocasionadas polo COVID-19.

I.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 9 MARZO DE 2020. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/a. Concelleiros/a. asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data nove de marzo de dous mil vinte.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno do Concello por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

II.- INFORME-RESUMO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2019. DAR CONTA. Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno do Concello do informo-resumo



Concello da Capela

correspondente o control interno do exercicio 2019 previsto no RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do sector público.

Polo Secretario-Interventor do Concello explícanse aqueles aspectos que contén o mencionado informe que será remitido a Intervención Xeral da Administración do Estado e que forma parte asimesmo da conta xeral correspondente ó exercicio 2019.

O Pleno da Corporación toma razón e queda enterado do mencionado informe.

III.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2020. CONVALIDACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 2/2020 que ascende á cantidade de trinta e catro mil doce euros con oitenta e dous céntimos de euro (34.012,82 €), na modalidade de créditos extraordinarios financiado con cargo o 20% do importe do supéravit do exercicio 2019, todo elo o abeiro do establecido no RDL 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte o impacto económico-social do COVID-19 e artigo 20 do RDL 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no aspecto económico-social para facer fronte o COVID-19.

O mencionado expediente foi aprobado por Resolución da Alcaldía número 2020-0113, de data 13 de abril de 2020.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que o 50% destinárase a emerxencia social e o outro 50% a adquisición de EPIs.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo pregúntase si cabe con cargo a estas partidas axudas para os autónomos que tiveron que cesar a súa actividade.

Polo Secretario – Interventor manifestase que dende o punto de vista xurídico-técnico este tipo de axudas poderían encadrarse como subvencións para o que sería necesario aprobar unhas bases e o seu financiamento derivaría do remanente de tesourería para gastos xerais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as, asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Convalidar o expediente de modificación de créditos número 2/2020

Concello da Capela

aprobado por Resolución da Alcaldía número 2020-0113, de data 13 de abril de 2020, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

CAPITULO	CONSIGNACION ANTERIOR	SUPLEMENTOS	XERACION DE CREDITO	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	385.181,57 €			385.181,57 €
II Gastos en bens corrent.	733.062,88 €		17.006,41 €	750.069,29 €
III Gastos financeiros	0,00 €			0,00 €
IV Transferencias correntes	29.479,00 €		17.006,41 €	46.485,41 €
V Fondo de contingencias e outros imprevistos	0,00 €			0,00 €
VI Investimentos reais	222.273,20 €			222.273,20 €
VII Transf. de capital	0,00 €			0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €			0,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €			0,00 €
TOTAL	1.369.996,65 €		34.012,82 €	1.404.009,47 €

2º.- Publicar anuncio de convalidación no Boletín Oficial da Provincia.

IV.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 3/2020. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 3/2020 polo sistema de crédito extraordinario e suplementos de crédito que ascende á cantidade de corenta e nove mil douscentos catro euros con oitenta céntimos de euro (49.204,80 €) ós efectos de por en marcha o Programa de Integración Laboral 2020 da Deputación Provincial da Coruña, así como a reposición de infraestructuras destinadas o uso xeral nas beirarrúas de As Neves.

O expediente financiase con cargo as subvencións correntes da Deputación Provincial da Coruña, así como co remanente líquido de tesourería para facer gastos xerais.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase se a cantidade destinada o PEL pola Deputación diminuíu con respecto ó exercicio anterior. Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que a cantidade é a mesma que a do exercicio 2019 e que a intención da Deputación



Concello da Capela

Provincial é incrementala en canto lle libere o superávit e permitir que a contratación do persoal poida ir máis aló do 31 de decembro.

Pregunta asimesmo o voceiro do Grupo Municipal de AIAC sobre as obras que se fixeron nas beirarrúas de As Neves, respostando o Sr. Alcalde que tívose que cambiar a recollida das augas pluviais incluída a conexión das vivendas así como facer algún traballo de accesibilidade nas mencionadas beirarrúas para a accesibilidade de personas non válidas, e tamén se puxo algún paso de cebra. Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 3/2020, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACION ANTERIOR	SUPLEMENTOS	XERACION DE CREDITO	TOTAL CONSIGNACION RESULTANTE
I Gastos de persoal	385.181,57 €		24.007,40 €	409.188,97 €
II Gastos en bens corrent.	750.069,29 €		598,10 €	750.667,39 €
III Gastos financeiros	0,00 €			0,00 €
IV Transferencias correntes	46.485,41 €			46.485,41 €
V Fondo de contingencias e outros imprevistos	0,00 €			0,00 €
VI Investimentos reais	222.273,20 €	24.599,30 €		246.872,50 €
VII Transf. de capital	0,00 €			0,00 €
VIII Activos financeiros	0,00 €			0,00 €
IX Pasivos financeiros	0,00 €			0,00 €
TOTAL	1.404.009,47 €	24.599,30 €	24.605,50 €	1.453.214,27 €

2º.-Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións.

3º.-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Concello da Capela

V.- POS+ADICIONAL 1/2020 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da circular remitida ó Concello pola Deputación Provincial da Coruña referente a aprobación polo Pleno da mesma en data 30 de abril de 2020 do POS+ADICIONAL 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 no que se asigna ó Concello da Capela a cantidade de vinte mil trescentos cincuenta e dous euros con seis céntimos de euro (20.352,06 €), todo elo para aplicar as prestacións sinaladas no artigo 1.2 do RDL 8/2020, do 17 de marzo.

A proposta da Alcaldía estima que debe asignarse esa cantidade da seguinte maneira:

- Dez mil cento setenta e seis euros con tres céntimos de euro (10.176,03 €) para adquisición de medios de prevención (EPIs)
- Dez mil cento setenta e seis euros con tres céntimos de euro (10.176,03 €) para ampliar a dotación de partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan éstas de urxencia ou de inserción.

A efectos de remitir a documentación á Deputación Provincial da Coruña, á proposta da Alcaldía, que consta no expediente, na previsión de gastos 2020 engadíranse as cantidades aprobadas polo Concello no expediente de modificación de créditos 2/2020 para tales fins.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres/as. Concelleiros/as. asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ADICIONAL 1/2020**" da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operación non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	20.352,06 €
---	-------------



Concello da Capela

Gastos Sociais Extraordinarios Derivados do COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares			
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais necesarios			
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f) Adquisición de medios de prevención (EPI)	27.182,44 €	0 €	27.182,44 €
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción	27.182,44 €	0 €	27.182,44 €
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
TOTAL	54.364,88 €	0 €	54.364,88 €

ACTA DO PLENO
 Número: 2020-0004 Data: 15/05/2020



Cod. Validación: 47DHKGF5RGMWIKMZLF65EALSG | Corrección: https://concello dacapela.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9

Concello da Capela

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

VI.- POS+ADICIONAL 2/2020 PARA GASTO CORRENTE E INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES. PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña e que foi aprobada polo Pleno do órgano provincial en data 30 de abril de 2020 referente o POS+ADICIONAL 2/2020 para gasto corrente e/ou investimentos financeiramente sostibles asignándolle ó Concello da Capela a cantidade de setenta e seis mil trescentos vinte euros con vinte e tres céntimos de euro (76.320,23 €).

A proposta da Alcaldía xá manifestada os voceiros dos grupos municipais en xuntanza previa é aproveitar unha obra xá incluída no Plan Complementario que é a denominada "Mellora de camiños municipais: Ponte de Porcar-Os Calzados", por un importe de cincuenta e nove mil seiscientos euros (59.600,00 €) IVE incluído e destinar a gasto corrente a cantidade de dezaseis mil setecentos vinte euros con vinte e tres céntimos de euro (16.720,23 €) o que fai un total de setenta e seis mil trescentos vinte euros con vinte e tres céntimos de euro (76.320,23 €) que se corresponde coa cantidade asignada.

Sen debate, e sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres/as. Concelleiros dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e 1 da Sra. Concelleira do Grupo Mixto-PP e 2 abstencións dos Sres Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC) adopta o seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	16.720,23 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:



Concello da Capela

Investimentos financieramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
"Mellora de camiños municipais: Ponte de Porcar – Os Calzados	59.600,00 €	0 €	59.600,00 €
TOTAL	59.600,00 €	0 €	59.600,00 €

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	16.720,23 €		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+2020	59.600,00 €	0 €	59.600,00 €
TOTAL	76.320,23 €	0 €	59.600,00 €

2.- Declarar que o concello ten a disponibilidad dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade de 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas





Concello da Capela

tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E xá que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as nove horas e dezaioito minutos, de todo o cal eu, Secretario, dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

ACTA DO PLENO

Número: 2020-0004 Data: 15/05/2020



Cod. Validación: 47DHKGFSRGMWKGWZLF88EALSG | Corrección: <https://concellocapela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

